



Galicia lidera o sector do cinema de animación en España, que se converteu no referente do panorama cinematográfico estatal.

Datos promedio da animación con participación galega.


	Animac.	Total	Anim/Total
Duración da rodaxe (Semanas)	80,04	20,28	394,70%
Tempo desde a finalización da rodaxe hasta a estrea comercial (Semanas)	27,46	47,89	57,33%
Presuposto da película	5.358.382	2.861.852	187,23%
Duración da fita	82	99	82,97%
Copias en castelán	167	88	189,91%
Copias en galego	5	3	178,64%
Total de copias	181	93	195,67%
Espectadores por copia	1.107	2.235	49,52%
Recadación por copia	5.269,10	10.435,30	50,49%
Porcentaxe de participación galega na película	64,07%	55,58%	115,28%

- **O cinema de animación é un valor en alza** e se antes se relacionaba exclusivamente coas películas para nenos, cada vez máis produtoras e compañías lánzanse á aventura de realizar unha fita enteira por ordenador, ou con plastilina, pero para todos os públicos.
- As películas de animación supoñen **máis esforzo** e contan con **necesidades de financiamento superiores** ás de imaxe real.
- Á alta especialización das empresas galegas de animación únese o feito da enorme ambición dos seus produtos máis representativos, dirixidos a un mercado internacional.
- Dygra demostrou con *O bosque animado* que a animación 3D era posible fóra dos grandes estudos de Estados Unidos.
- A animación galega é **premiada nos festivais internacionais e distribúense en moitos países**.
- Francia, Italia e Polonia son os **principais mercados europeos** para a animación galega.
- As películas de animación participadas por empresas galegas levan máis de **2,4 millóns de espectadores** no mercado español hasta o momento.
- A animación galega foi quen de lograr **seis premios Goya á Mellor longametraxe de animación**.
- Non hai que esquecer a **cantidade e, sobre todo a cualidade, da produción de curtas de animación** por parte das produtoras galegas.

Presuposto das longametraxes galegas de animación



Espectadores e recadación das producións galegas de animación no Resto de Europa



Espectadores das longametraxes galegas de animación en España

